



## “IDENTIFICACIÓN E OPTIMIZACIÓN DE NOVAS FONTES DE PROTEÍNA VEXETAL PARA A ALIMENTACIÓN DE POLOS ECOLÓXICOS (FEADER 2018/001A).”

**Entidades Participantes:** Cooperativas Ourenšanas S.Coop. Gal - Coren e Centro Tecnolóxico da Carne - CTC

**Duración:** Setembro 2018 a outubro 2020

**Axuda Concedida:** A axuda concedida para o proxecto é de 79.573,48 euros, e está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, a Xunta de Galicia e o MAPAMA.

O proxecto de innovación titulado “Identificación e optimización de novas fontes de proteína vexetal para a alimentación de polos ecolóxicos” está liderado polo grupo COREN e promove acadar e diversificar a oferta de proteínas de orixe vexetal dispoñibles para a alimentación ecolóxica de polos mediante o ensaio de diferentes cultivos de proteaxinosas e oleaxinosas (chícharo e colza), ao mesmo tempo que se formulan distintas opcións de substitución do porcentaxe de soia na alimentación destes animais.

A empresa **Cooperativas Ourenšanas S.C.G.** coordina o proxecto e encárgase tanto das actividades de crianza dos animais coma do establecemento dos cultivos de chícharo e colza, ademais da avaliación das probas e control dos resultados comparativamente. O proxecto conta co apoio do **Centro Tecnolóxico da Carne** para o estudo da calidade da carne dos polos alimentados con este tipo de alimentación.

Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia e do FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) mediante o programa de axudas para proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal.

Proyecto financiado por:

